

# **ACORDO CONSTITUTIVO DA COMUNIDADE TERRITORIAL DE COOPERACIÓN DO VAL DO TÁMEGA**

As C amaras Municipais portuguesas de Boticas, Chaves, Montalegre, Valpa os, Vila Pouca de Aguiar, Vinhais, a Deputaci on Provincial de Ourense representadas polos respectivos Presidentes e os Concellos de Castrelo do Val, Cualedro, A Gudi a, Laza, A Mezquita, Monterrei, Oimbra, Ri os, Ver n, Viana do Bolo, Vilardev os, e Vilarinho de Conxo, representados polos seus respectivos Alcaldes.

Considerando as afinidades xeogr ficas, culturais, sociais, econ micas e hist ricas existentes entre a provincia de Ourense/Espa a e T mega/Portugal.

Tendo en conta que a cooperaci on transfronteiriza   un dos medios m is eficaces con vista   aproximaci on das poboaci ons fronteirizas,   supresi on das dificultades que implican todas as fronteiras,   promoci on do desenvolvemento econ mico, social e cultural destas rexions.

No esp rito do conxunto da obra do Consello de Europa en prol da cooperaci on transfronteiriza e, especialmente do Convenio-Marco Europeo sobre a cooperaci on transfronteiriza das autoridades ou colectividades territoriais, ratificado pola Rep blica Portuguesa e polo Reino de Espa a, as  como no esp rito do Tratado Bilateral de 1997, asinado entre ambos os dous pa ses.

Reco ecendo a importante acci on desenvolvida pola Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal e a s a contribuci on para o estreitamento das relaci ons entre as d as Rexions nos  mbitos econ mico, social, educativo, cultural e das administraci ons p blicas e a necesidade de afondar a nivel local os lazos da cooperaci on transfronteiriza entre as autonom as situadas aos dous lados da fronteira.

Acordan:

## **ARTIGO 1**

Constit ese a Comunidade de Cooperaci on do Val do T mega, que se rexer  de acordo cos principios enunciados nos artigos seguintes.

## **ARTIGO 2**

A Comunidade Territorial de Cooperaci on ten por obxectivo a promoci on do desenvolvemento harm nico e sostido da rexion transfronteiriza do Val do T mega, a trav s dunha din mica de coordinaci on rexional concretada en encontros entre as C amaras Municipais e os Concellos do Val do T mega para tratar asuntos de interese com n, intercambiar informaci on, coordinar iniciativas e estudar a posibilidade de solucionar problemas com ns por medio de acordos, proxectos conxuntos, decisi ons

tendientes a unha solución concertada ou de recomendacións e propostas ás autoridades competentes.

O previsto neste acordo constitúe un compromiso mutuo de carácter non normativo e non interfere no reparto de competencias establecido en cada territorio polos dereitos internos portugués e español.

### **ARTIGO 3**

O ámbito territorial abarcado pola Comunidade Territorial de Cooperación do Val do Támega abrangue en Portugal, a área correspondente aos Municipios de Boticas, Chaves, Montalegre, Valpaços, Vila Pouca de Aguiar e Vinhais, e en España, a área correspondente aos Concellos de Castrelo do Val, Cualedro, A Gudiña, Laza, A Mezquita, Monterrei, Oimbra, Riós, Verín, Viana do Bolo, Vilardevós e Vilariño de Conso.

### **ARTIGO 4**

O Consello da Comunidade Territorial de Cooperación asegura a continuidade das actividades de cooperación transfronteiriza, fixa o programa de acción da Comunidade, adopta os acordos, recomendacións e propostas da Comunidade Territorial de Cooperación e pode aprobar resolucións regulamentarias fixando novas normas de funcionamento e as súas modificacións.

O Consello da Comunidade Territorial de Cooperación está formado polas delegacións oficiais do Val do Támega, integradas por un representante de cada unha das Cámaras Municipais portuguesas e dos Concellos galegos, mencionados no artigo anterior, e un representante da Deputación Provincial de Ourense. Cada delegación nomeará un Presidente e un Vicepresidente.

As decisións tomaranse con base na igualdade de representatividade de ambas as dúas delegacións.

Se así o decidise o Consello, poderán participar nas reunións os Coordinadores das Comisións Sectoriais, que se poidan crear no seu momento.

Participarán no Consello da Comunidade Territorial o Presidente da Comisión de Coordinación da Rexión Norte de Portugal e o Presidente da Xunta de Galicia.

A invitación do Presidente da Comunidade poderán participar nas sesións do Consello, con estatuto de invitados oficiais ou observadores, personalidades nacionais e europeas e representantes dos organismos hispano-portugueses de cooperación transfronteiriza.

Así mesmo os Axentes socioeconómicos, Institucións Públicas ou privadas, e as Universidades e Centros de Investigación poderán participar nas sesións do Consello, segundo unha fórmula que será fixada por este tras a consulta con aqueles.

O Consello reunirse unha vez ao ano, podendo facelo en sesión extraordinaria tras a convocatoria do Presidente.

## **ARTIGO 5**

O Presidente da Comunidade Territorial de Cooperación que preside o Consello, ten un mandato de dous anos.

A Presidencia será exercida alternativamente por un representante das Cámaras Municipais, por unha banda, e dos Concellos e Deputación, por outra. No caso de impedimento temporal do Presidente substituirao durante ese período o Vicepresidente.

O Presidente representa á Comunidade Territorial de Cooperación, prepara a Orde do día do Consello, trala consulta co Presidente da outra Rexión membro, efectúa a convocatoria das reunións do Consello e daquelas outras que pola súa importancia o requiran, e autoriza coa súa sinatura a Acta das reunións.

## **ARTIGO 6**

A Comunidade Territorial de Cooperación poderá crear, por decisión do Consello, Comisións Sectoriais paritarias, así como, e con carácter temporal e excepcional, Comisións “ad hoc”, fixando as súas funcións.

A Comunidade Territorial de Cooperación prestará especial atención ao desenvolvemento económico e rural, ás infraestructuras, ao transporte, ás comunicacións, ao turismo, á cultura, á educación e á innovación, á agricultura e á gandería, ao medio ambiente e á ordenación do territorio.

A Composición de cada Comisión Sectorial quedará determinada polo acordo da súa creación, sen prexuízo de que os dous Coordinadores Xerais poidan incorporar as modificacións que resulten aconsellables.

As Comisións Sectoriais elevarán as súas propostas ao Consello para a súa consideración e aprobación.

## **ARTIGO 7**

Co fin de asegurar a coordinación xeral e permanente das actividades da Comunidade Territorial de Cooperación, cada unha das delegacións nomeará un Coordinador Xeral para a cooperación prevista neste acordo, o cal participará nas reunións do Consello.

Ambos Coordinadores Xerais, presidirán conxuntamente o Comité de Coordinación da Comunidade Territorial de Cooperación. Velarán pola coordinación e coherencia dos traballos das Comisións Sectoriais, polo funcionamento da Secretaría, o seguimento das accións programadas e prepararán os elementos necesarios para a elaboración dos programas de traballo, así como para fixar as prioridades da Comunidade. Os Coordinadores Xerais asegurarán as relacións desta Comunidade Territorial coa Comunidade de Traballo Galicia-Rexión do Norte de Portugal.

O Comité de Coordinación reunirse por decisión do Presidente da Comunidade ou por acordo dos dous Coordinadores Xerais.

Os Coordinadores das Comisións Sectoriais poderán ser invitados a participar nas sesións do Comité de Coordinación.

### **ARTIGO 8**

Cada delegación sufragará os gastos que xere a súa participación nas reunións e nas actividades da Comunidade Territorial de Cooperación.

O orzamento da Comunidade será aprobado polo Consello a proposta do Presidente.

As cotizacións das Cámaras Municipais e dos Concellos asociados serán equivalentes.

### **ARTIGO 9**

O presente acordo poderá ser denunciado por calquera das partes contratantes, cun prazo de aviso previo de cinco meses.

Monterrei (Ourense), 14 de novembro de 2000

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
DE OURENSE

O PRESIDENTE DA CÁMARA  
MUNICIPAL DE CHAVES

Asdo. José Luis Baltar Pumar

Asdo. Altamiro da Resurreção Claro